

NOTA DE PRENSA II Peregrinación Galega en tractor clásico.

AGAMAC enfrenta o novo reto de usar o Camiño de Santiago para reclamar AUTOESTIMA para o rural.

Inda que non estaba previsto realizar esta actividade debido á súa complexidade, a que xa se realizou no ano 2008, a que no 2009 xa a realizou tamén outra asociación española, e a que nos atopamos próximos ao epicentro dun forte período de recesión económica, ao fin, o gran interés dos socios e o ser ano xacobeo desencadeou na realización do evento neste ano 2010.

As datas de realización serán o 4 e 5 de setembro, reducindo o nº de xornadas, para interferir menos no normal funcionamento do Camiño e para reducir custos, sentimos por outra banda que coincida coa realización da 10ª exposición de maquinaria clásica en Valverde del Majano, pero non se dispoñía neste ano doutra data.

Para non perder de vista o noso lema, “COIDAMOS DA TERRA”, e o noso obxectivo final que é o “**aumento da autoestima do traballador do rural**”, este ano os eixos centrais do evento xirarán ao redor de homenaxear ao socio fundador de AGAMAC, D. José Iglesias (Comandante da Garda Civil de Tráfico) e gran impulsor deste evento, e tamén a enfocar miradas hacia a potencia que é o noso territorio en produción de biomasa a cal se podería transformar en enerxía e en ocupación de xente no rural vivindo e cuidando o tesouro que é o noso entorno. Para elo, levaremos intalado nun remolque dun dos tractores que fagan o Camiño un motor clásico Ford de 4 cilindros adaptado a funcionar con combustión por gasóxeno producido ao queimar leña, adaptado polo socio de AGAMAC Antonio Álvarez; na lembranza do socio falecido, o Comandante Iglesias, celebraremos un acto relixioso nalgún punto do Camiño.

Respecto das máquinas, non será o máis destacable a súa antigüidade, a súa espectacularidade ou incluso a súa calidade de restauración, se non o aprecio que o seu usuario/a lle dea e ata incluso o seu estado de conservación, xa que o que se pretende é que algunha destas máquinas se conserven como evidencia da liberación que supuxo o deixar de labrar a terra directamente coa forza humana e a animal, así como o aumento na capacidade de produción de alimentos. O número máximo de tractores participantes reduciuse de 30 a 20, para reducir o impacto nas tráfico, e cabe destacar o aumento significativo de mulleres que se incorporarán á ruta, aumentando de un muller (a enxeñeira agrónoma, investigadora agraria do CIAM, e socia fundadora de AGAMAC María José Bande) a catro nesta peregrinación.

A elección da ruta do Camiño Francés foi motivada por ter experiencia xa na súa realización, e posto que nesta ocasión se persigue a austeridade, non estimamos a realización doutra ruta xa que de seguro encarecería o evento. Non se pensa polo momento na realización de máis rutas por este Camiño, xa que incluso se realizou unha reportaxe audiovisual profesional da I Peregrinación en tractor pola editorial MOMA, a cal o comercializa, quedando ben documentado xa este evento e tódalas súas características. O que si se ten pensado é facer outras rutas por camiños antigos e medievais, distintos do de Santiago, para promocionar Concellos rurais e todo o seu encanto, tendo xa prevista a realización do “Camiño Real” dende o Furco ata Lugo, pasando por Láncara e Corgo, evento que se pretende realizar a pleno inverno.

A Excelentísima Deputación Provincial de Lugo patrocina este evento a nivel económico, así como tamén empresas privadas como Magrino, Liste Villaverde, Blanco Trigo, Luguesa de Gasóleos, Desguaces Agrícola e Industrial e outros. A Xunta de Galicia non colaborou concretamente nesta edición do camiño, pero colabora con AGAMAC no programa renove de tractores a través da Consellería do Medio Rural e tamén nos programas de cooperación para o fomento do emprego coa Consellería de Traballo e Benestar.

Tense previsto a asistencia nalgún punto do camiño do Presidente da Deputación de Lugo, D. Xosé Ramón Gómez Besteiro, e tamén se invitará ao Conselleiro do Medio Rural para que asista á chegada ao Monte do Gozo.

A distribución temporal será a seguinte:

Tramo – parada - evento	Estrada	Km	Vel. Media (km/h)	Tempo (h/min)	Día -Hora
Pedrafitas-Triacastela	LU633	28.7	15	2h	4 Set -7:00 – 9:00
Parada rápida en Triacastela, na propia estrada ao marxe dereito, nun aparcamento á entrada do puebo para facer descanso e revisión inicial das máquinas.				15 min.	4 Set –9:00 – 9.15
Triacastela - Sarria	LU633	21.4	15	1h 30 min.	4 set –9:15 – 10:45
Parada para almorzar, farémolo diante do convento da Mercede de Sarria, pensaremos en que forma, xa que alí non hai restaurantes.				30 min.	4 set –10:45 – 11:15
Sarria – Portomarín	LU633	24.2	15	1h 40 min.	4 set -11:15 - 12:55
Comida no Parador de Portomarín en conxunto con asociacións de coches e motos clásicas, organiza o evento a escudería Portomarín Racing, e Talleres Portomotor.					4 set -12:55 - 15:30
Portomarín – Melide	L 633, C555, N547	39.4	15	2h 40min	4 set – 15:30 -18:10
Prevese recepción pola Alcaldesa, Dª Socorro Cea.					4 set – 18:10 – 18:30
Melide – Arzúa	N 547	14.9	15	1h	4 set – 18:30 – 19:30
Parada para descanso. Revisión máquinas, repostaxe, no campo da feira de Arzúa. Cea no restaurante ... e dormir ...					4 set – 21:00 cea
Arzúa - O Pedrouzo	N 547	20	15	1h 20min	5 set – 8:00 – 9:20
Parada para tomar café.					5 set – 9:20 – 9:45
O Pedrouzo – Monte do Gozo	N 547	14.4	15	55min	5 set – 9:45 – 10:40
Recepción por algunha autoridade					5 set – 10:40- 11:30
Monte do Gozo – Av. Xoan XXIII POR CONFIRMAR	N 634- tramo urbán	4.5	10	30min	

Agardamos que este evento sexa entendido nos seus obxectivos e que os amantes do rural e da mecanización agraria disfruten do mesmo.

Moitas grazas.

O Presidente de AGAMAC.